



Expediente núm. 2020/E001/000012

DECRETO DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE RECURSOS HUMANOS, INDUSTRIA E EMPREGO

ANTECEDENTES DE FEITO

Os antecedentes aparecen recollidos na providencia de data 29/03/2021, ditada pola concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, que literalmente di:

"Mediante o Decreto número 1873/2020, do 10 de decembro, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego, convocou o proceso selectivo encamiñado á constitución dunha lista de espera para nomear ou contratar persoal coa categoría de administrativo/a (coa condición de funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal, respectivamente) e aprobou as bases reguladoras.

A convocatoria e as bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 214, do 15 de decembro.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes, a través do Decreto nº 104/2021, do 8 de xaneiro, foi aprobada a lista ou relación provisional do persoal aspirante admitido e excluído ao proceso selectivo.

Desde esa data non se efectuou ningún trámite máis.

A través de Providencia desta concelleira, que leva data do 11/03/2021, ordenouse a tramitación do procedemento selectivo para a provisión de tres prazas vacantes de administrativo/a de administración xeral, incluídas na oferta de emprego público de 2018 (OEP 2018), e cuxo desenvolvemento debe levarse a cabo no prazo máximo de tres anos desde a publicación da OEP 2018 -que tivo lugar o 31/12/2018- por mor do disposto no artigo 70 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

A convocatoria para a provisión das tres prazas de persoal funcionario de carreira (expediente núm. 2021/E001/000001) posibilita a provisión do dito persoal administrativo con ese vínculo e, ademais, elaborar unha lista de espera ou bolsa de traballo para cubrir as necesidades de persoal temporal da dita categoría profesional; e dicir, vai permitir satisfacer as necesidades que se pretendían cubrir co procedemento iniciado en 2020 (expediente núm. 2020/E001/000012).

A proximidade no tempo de ambos os dous procedementos de selección aconsella desistir do procedemento correspondente á convocatoria aprobada mediante o Decreto núm. 1873/2020, do 10 de decembro (BOP nº 214, do 15 de decembro).

Por todo iso, e en uso das atribucións delegadas nesta concelleira a través do Decreto da Alcaldía núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP nº 121, do 28/06/2019), a través da presente providencia, **DISPOÑO:**

1. Iniciar o expediente para a desistencia do procedemento 2020/E001/000012, relativo á constitución e funcionamento dunha lista (2ª lista complementaria) para nomear ou contratar persoal coa categoría de administrativo/a (coa condición de funcionario/a interino/a ou persoal laboral temporal, respectivamente).

2. Que o departamento correspondente proceda a tramitar o oportuno expediente até a súa conclusión."

Pola súa vez, o técnico de administración xeral (TAX) emitiu un informe xurídico favorable á desistencia, que leva data do 29/03/2021.



FUNDAMENTOS LEGAIS

O indicado informe xurídico do funcionario TAX, nos seus apartados II e III, literalmente, di:

“II. CONSIDERACIÓN XURÍDICAS

Primeira. O artigo 93 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) recolle a posibilidade xa admitida previamente pola xurisprudencia, da desistencia da Administración nun procedemento administrativo iniciado de oficio, nestes termos:

"Artículo 93. Desestimiento por la Administración.

En los procedimientos iniciados de oficio, la Administración podrá desistir, motivadamente, en los supuestos y con los requisitos previstos en las Leyes."

Até esta regulación, a posibilidade de que a Administración puidera desistir de continuar coa tramitación de procedementos iniciados de oficio xurdía da interpretación xurisprudencial. O Tribunal Supremo (TS) na Sentenza da súa Sala 3ª do 11/07/1990 sinalaba que *"este Tribunal (sentencias de 6 de febreiro de 1985, 18 de outubro de 1986 y 23 de junio de 1987) ha admitido la posibilidad de que la Administración desista de un procedimiento iniciado de oficio por ella, pues aunque ciertamente la Ley de Procedimiento Administrativo contempla unicamente el supuesto del desistimiento del interesado, ello no impide que pueda darse también válidamente un desistimiento llevado a cabo por decisión de la Administración cuando llegue al convencimiento de la falta de base de las actuaciones de que se trate."*

A Sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía (sede de Málaga) contén a mesma doutrina que a do TS, sinalando, ademais, o seguinte:

*"Sin embargo, debe advertirse que la posición del interesado que formula el desistimiento y la de la Administración (en el mismo caso) no es idéntica, puesto que en el caso del interesado el desistimiento tiene que ser admitido como un acto de la autonomía de la voluntad y, por tanto, aceptado por la Administración; mientras que en el caso de que sea esta quien desista de un procedimiento iniciado de oficio, deberá justificar el porqué, de modo que se aclare cualquier atisbo de arbitrariedad y se garantice que la actuación administrativa está enfocada a la obtención del interés general. Esta exigencia la recoge hoy en día la Ley 39/2015 cuando exige la motivación en los supuestos de desistimiento. En esta motivación, la administración deberá exponer las razones que la hayan decidido a finalizar un procedimiento que ha iniciado de oficio. Decía la **Resolución 351/2015 del Tribunal Administrativo de Recursos Contractuales de la Junta de Andalucía** con respecto a la motivación que "el desistimiento, como potestad discrecional de la Administración, está limitado, como todas las de tal clase, por la norma general imperativa por la cual dicha potestad debe cumplir los fines que le son propios al servicio del bien común y del ordenamiento jurídico, y siempre basándose en los principios de racionalidad y proporcionalidad. Así lo ha puesto de manifiesto en su jurisprudencia el Tribunal Supremo en reiteradas ocasiones (Sentencias del 16 de abril 1999, RJ 1999/4362 de 23 de junio de 2003, RJ 4413, o Sentencia de 21 septiembre 2006 RJ 2006/6437, entre otras muchas)."*

O inciso "nos supostos e cos requisitos previstos nas leis" pode introducir confusión. Porén, xa sabemos que a desistencia non estaba recollida expresamente para o procedemento administrativo común, pero si noutras normas especiais, como na lexislación de contratos, que esixen unhas determinadas condicións e requisitos para poder desistir. Cómpre interpretar que, cando a lei que



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

regula o procedemento común se refire aos supostos e requisitos previstos nas leis, alude a estas normas especiais, cuxos preceptos relativos á desistencia da administración deben seguir cumpríndose, e non debe entenderse que se esixa sempre e en todo caso unha previa habilitación legal nos supostos ordinarios, xa que iso suporía a imposibilidade de aplicar esta norma contida na Lei 39/2015. Ademais, non tería sentido recoller nunha norma xeral a posibilidade de que a administración puidera desistir nos procedementos iniciados de oficio só nos casos previstos noutras leis, cando isto xa ocorría, con fundamento nas sucesivas leis de contratos das administracións públicas, sen necesidade de que se expresase esa posibilidade na normativa sobre o procedemento administrativo común.

Segunda. O artigo 93 da LPACAP esixe que o acto, que ten a natureza de discrecional, estea suficientemente motivado.

A motivación, ten o seu fundamento na esixencia legal para a administración, de servir con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia e o (artigo 103.1 da Constitución) que deben orientar a súa actuación.

Como se indica na Providencia de inicio transcrita nos antecedentes, os procesos selectivos iniciados (o do expediente núm. 2020/E001/000012, relativo a lista de espera; e o do procedemento núm. 2021/E001/000001 de provisión de tres prazas de administrativo/a (funcionario de carreira) e establecemento dunha lista de espera, coinciden no tempo e multiplican o traballo inherente á selección, polo que resulta absolutamente razoable non continuar coa tramitación do primeiro dos procedementos xa que o obxectivo que se perseguía pode acadarse, sen esforzo adicional, a través da segunda das convocatorias.

A opción que aquí se propugna non ocasiona prexuízo ningún ás persoas inscritas no primeiro dos procedementos de selección, pois poden participar no segundo para o que se establecen os mesmos requisitos e un nivel de esixencia similar.

Terceira. Procede desbotar á posibilidade de que o concello puidese incorrer en responsabilidade patrimonial (artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público), xa que as persoas aspirantes gozan dunha mera expectativa, pero non dun dereito -e no presente caso incluso a expectativa non se ve frustrada, dada a posibilidade de concorrer ao novo proceso selectivo- como sinalan as sentenzas núm. 181/2009, do 12 de, da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza (TSX) do País Vasco e a núm. 78/2010, do 15 de abril, do TSX de Madrid.

Cuarta. Polo tanto, en virtude dos principios de eficacia e eficiencia resulta conveniente desistir do procedemento selectivo correspondente ao expediente núm. 2020/E001/000012.

A resolución que se adopte debe publicarse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios, tanto no físico, situado na Casa do Concello, coma no electrónico, regulado este último no artigo 13 do Regulamento da administración electrónica municipal, publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP) núm 44, do 08/03/2021.

Dado que non foi esixida taxa para participar no proceso selectivo -por non estar contemplada na ordenanza fiscal correspondente nos procesos selectivos de persoal temporal- non é preciso adoptar acordo de devolución do seu importe ás persoas aspirantes.

Quinta. A atribución para ditar a presente resolución corresponde á Alcaldía en virtude do disposto



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: JMCA

no artigo 21.1, letras a), g), h) e s), da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pero a través do Decreto núm. 993/2019, do 24 de xuño (BOP núm. 121, do 28/06/2019), foi obxecto de delegación na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego.

III. CONCLUSIÓNS

a) Infórmase favorablemente a desistencia do concello do proceso selectivo tramitado co núm. de expediente 2020/E001/000012.

b) A resolución, que debe ser ditada pola concelleira-delegada de Área, precisa ser publicada no BOP, na páxina web municipal, e nos taboleiros de anuncios (electrónico e físico)."

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. Desistir do proceso selectivo tramitado co núm. 2020/E001/000012 -cuxa convocatoria e bases foron a aprobadas a través do Decreto núm. 1873/2020, do 10 de decembro (BOP núm. 214, do 15/12/2020)- encamiñado á constitución dunha lista de espera para nomear ou contratar persoal coa categoría de administrativo/a.

2. Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), no taboleiro de anuncios electrónico do concello das Pontes de García Rodríguez (<https://sede.aspontes.org/opencms/es/informacion>) , na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios (físico) da Casa do Concello.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpor potestativamente o recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP), segundo establecen os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Se interpoñen o recurso de reposición non poderán interpoñer o recurso contencioso-administrativo até que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Transcorrido un mes dende a interposición do recurso potestativo de reposición sen que se lles teña notificada a resolución expresa, entenderase desestimada por silencio administrativo, e quedará expedita a vía contencioso-administrativa, podendo interpoñer o recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses, a contar desde o día seguinte ao daquel no que se producise a desestimación presunta. Se o recurso de reposición foi resolto expresamente, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da notificación do acordo polo que se resolveu expresamente o citado recurso de reposición. Este recurso contencioso-administrativo poderá ser interposto ante o Xulgado correspondente do Contencioso-administrativo, efectuando os demandantes a elección que lles permite o artigo 14, regra segunda, da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

Malia o anterior, poderán impugnar directamente este acto administrativo ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa (artigo 123.1 da LPACAP). Para tal efecto poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda, a teor da elección permitida aos demandantes polo artigo 14, regra segunda, da meritada LRXCA.

Así mesmo, os interesados poderán interpor calquera outro recurso que estimen procedente ou conveniente.

As Pontes de García Rodríguez, na data á marxe consignada